



UN DESCENSO DA 2ª AUTONÓMICA NA TEMPORADA 2013-14

Na reunión celebrada este serán na delegación ferrolá de fútbol, os clubs de 2ª autonómica analizaron o plan competicional da vindeira temporada e ... Ares, 15 de xullo de 2013 ... consideraron que no seu grupo o máis xusto era que só descendese o último clasificado, pois tamén existirá o risco do descenso por arrastre de máis equipos, dependendo dos descensos de Primeira Autonómica. Ademais, valorouse que se nun grupo de 16 equipos só ascende o campión e promociona o segundo clasificado, no grupo de Terceira, que son 9 equipos, resultaba desproporcionado que ascendesen dous equipos e disputase a promoción un terceiro.

En consecuencia, a temporada 2013-14 queda desta maneira:

En Segunda Autonómica, ascende a Primeira o campión e disputa a promoción o segundo clasificado, descendendo a Terceira o último clasificado. Esta liga comezará o 29 de setembro.

En Terceira Autonómica, ascenden a Segunda dous equipos: o primeiro clasificado da primeira fase e o campión da segunda fase.